

## COMUNICADO OFICIAL DO CONCELLO DE BERGONDO

Ante a situación excepcional que está a acontecer a nivel global debido á pandemia do coronavirus, COVID-19, e co fin de minimizar o seu avance, o concello de Bergondo fai o seguinte comunicado, que **estará vixente durante 15 días (ou ata novo aviso), a partir do venres, 13 de marzo:**

Suspéndense as actividades culturais, deportivas, educativas e de servizos sociais, así como as actividades organizadas polas asociacións nos espazos municipais.

Péchanse os Centros socioculturais, biblioteca, pavillón de Guísamo e A Senra, así como os centros educativos do municipio (a partir do luns 16 de marzo en todos os niveis educativos).

Segundo informan reponsables da Igrexa en Bergondo, **suspéndense**, tamén ata novo aviso, todas as **celebracións relixiosas**.

---

## Espazos públicos que permanecen abertos

Oficinas administrativas, incluíndo o rexistro presencial.

A atención ó público presencial nas oficinas municipais debe limitarse a casos de extrema necesidade, chamando previamente ó 981 79 12 52, ext. 9.

Recoméndase o uso da Sede electrónica municipal, aberta 24 horas, todos os días do ano.

*\*\*O requisito mínimo para facer trámites a través da sede electrónica é dispor dun certificado electrónico ou ben rexistrarse no sistema [Cl@ve](#) (nivel avanzado).*

O concello, a través da súa [páxina web](#) e redes sociais (Facebook, Twitter, Whatsapp e Bergondo Participa), manterá informada á cidadanía sobre calquera cambio nestas suspensións ou peches temporais.

*Para máis información:*

*Tel: 981 79 12 52, ext. 9*

*[correo@bergondo.gal](mailto:correo@bergondo.gal)*

*ou a través das redes sociais Facebook e Twitter*

